CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>100.- JMIC | | |
| Documento<br>CONZI0M0 | Expediente<br>CON/9/2015 | |

15078DCONZI0M00

## ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro de folios, sobres e carpetas para o Concello de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 10.172,00 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 28 de maio de 2015, ás 9:00 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Manuel Martínez Varela

**Vocais:** D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Luís Alberto López García, inspector de servizos.
Dª Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

**OFERTAS PRESENTADAS:**

| NÚMERO DE ORDE | DATA DE PRESENTACIÓN | NÚMERO DE REXISTRO | NOME DO LICITADOR |
|---|---|---|---|
| 1 | 20-05-2015 | 22.505 | TOMPLA INDUSTRIA INTERNACIONAL DEL SOBRE SL |
| 2 | 21-05-2015 | 22.749 | GERSA INFORMATICA S.L. |
| 3 | 22-05-2015 | 23.132 | OFFICE DEPOT S.L. |

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que a empresa TOMPLA non a inclúe entre a súa documentación, polo que a mesa acorda concederlle un prazo de tres días para que subsane esta deficiencia.

Os outros dos licitadores cumpren correctamente os requerimentos do prego.

Ás 9:14 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O/A PRESIDENTE DA MESA**

**O/A SECRETARIO/A DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>100.- JMIC | | |
| Documento<br>CONZI0M0 | Expediente<br>CON/9/2015 | |

15078DCONZI0M00

## ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro de folios, sobres e carpetas para o Concello de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 10.172,00 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 1 de xuño de 2015, ás 9:26 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Manuel Martínez Varela

**Vocais:** D. Alejandro Sánchez Brunete, representante do grupo PP.
D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D. Luís Alberto López García, inspector de servizos.
Dª Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación procede ó exame da documentación requirida á empresa TOMPLA (declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración), verificando que a presenta correctamente, polo que continúa na licitación.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliables mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

| | | | | | | OFFI. DEPOT | TOMPLA | GERSA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TIPO | ARTIGO | UD | UDS | PREZO | TOTAL | PREZO | PREZO | PREZO |
| | TAMAÑO 360 X 260 | MILLAR | 10 | 105 | 1.050 | 794,3182 | 685,00 | 624,00 |
| | TAMAÑO 260 X 184 | | 10 | 60 | 600 | 401,1364 | 490,00 | 432,00 |
| SOBRES | T. 260 X 184 - F.PAGADO | | 10 | 60 | 600 | 401,1364 | 490,00 | 432,00 |
| | TAMAÑO 220 X 110 | | 10 | 32 | 320 | 205,6818 | 274,00 | 216,00 |
| | TAMAÑO 220 X 110 (C.V.) | | 10 | 32 | 320 | 217,0455 | 289,00 | 216,00 |
| | TAMAÑO 180 X 120 | | 10 | 32 | 320 | 224,4318 | 286,00 | 288,00 |
| | SUMA | | | | 3.210 | 2243,7501 | 2514,00 | 2208,00 |
| FOLIOS | FOLIOS DIN A4 90 grs | | 100 | 18 | 1.800 | 1.093,02 | 1.250,00 | 1.074,00 |
| | AZUIS DE EXPTE. | | 13 | 178 | 2.314 | 1422,353 | 1.807,00 | 1.388,40 |
| CARPETAS | VERDES DE EXPTE. | | 8 | 178 | 1.424 | 905,412 | 1.184,00 | 854,40 |
| | AMARELAS DE EXPTE. | | 3 | 178 | 1.424 | 905,412 | 1.184,00 | 854,40 |

CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>100.- JMIC | | |
| Documento<br>CONZI0M0 | Expediente<br>CON/9/2015 | |

15078DCONZI0M00

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás 9.35 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O/A PRESIDENTE DA MESA**

**O/A SECRETARIO/A DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

| *Dependencia* | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>100.- JMIC | | |
| *Documento*<br>CONZI0M0 | *Expediente*<br>CON/9/2015 | |

15078DCONZI0M00

## ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Subministro de folios, sobres e carpetas para o Concello de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 10.172,00 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 4 de xuño de 2015, ás 9:15 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Manuel Martínez Varela

**Vocais:** D. Teresa Gutiérrez López, representante do grupo PP.
D.. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D. Luis Alberto López, Inspector de Servizos
Dª Ana Gago, Viceinterventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta. Así mesmo, o informe propón a exclusión da licitación da oferta presentada pola empresa GERSA INFORMATICA SL por incumprir o taxativo requirimento do prego que no seu apartado 13.3 esixe a presentación ("obrigatoriamente") das mostras dunha serie de produtos que enumera.

A mesa amósase conforme co contido do informe en todos os seus aspectos, e, en consecuencia, resulta que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador OFFICE DEPOT S.L.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar a oferta presentada pola empresa GERSA INFORMÁTICA SL por non aportar as mostras que o prego esixe taxativamente no seu apartado 13.3.

**SEGUNDO:** Trasladar ao concelleiro delegado de contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador OFFICE DEPOT SL, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 10.172 euros IVE aparte, cantidade máxima sobre a que se aplicarán os prezos unitarios ofertados, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O/A PRESIDENTE DA MESA**

**O/A SECRETARIO/A DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVIZOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

# INFORME TÉCNICO

Para a adxudicación do contrato do *Subministro de folios, sobres e carpetas para o Concello de Santiago de Compostela* (CON 9/2015) presentaronse tres empresas, OFFICE DEPOT S.L., TOMPLA S.L., e GERSA INFORMATICA S.L. que na apertura de sobres celebrada o 1 de xuño de 2015 diante da mesa de Contratación, o sobre nº 2 contiña a Proposición económica e a oferta relativa aos criterios de adxudicación para cumprir co sinalado no Prego de Condicións. Examinada pormenorizadamente a documentación aportada polas empresas, apreciase que GERSA INFORMATICA non presenta as Mostras dos artigos que compoñen o obxecto de licitación; ante esta circunstancia, o Prego, no seu artigo 13.3. paragrafo carto di: " **Asi mesmo incluirán, obrigatoriamente, mostras dos seguintes artigos ( é suficiente con un exemplar de cada producto)**". A vista desto, non avaliaremos a oferta da devandita empresa.

## A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS

### 1.- Mellor oferta económica: Ata 30 puntos

A valoración da oferta económica realizarase a través dunha baixa ponderada, aplicándose unha proporcionalidade directa que permita valorar máis as baixas producidas nos prezos unitarios dos productos que teñen unha maior incidencia cuantitativa no orzamento total.

Otorgarase a puntuación máxima en cada grupo de subministros á oferta que faga o mellor prezo, segundo o criterio de "prezo máis baixo ofertado". Ao resto das ofertas aplicaraselle a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$Pn = ( Pm \times Ob ) / On$$

Donde:

| | |
|---|---|
| Pn: | Puntuación da oferta |
| Pm: | Puntuación máxima posible |
| Ob: | Importe da oferta máis baixa |
| On: | Importe da oferta a puntuar |

Os grupos de subministros e a sua puntuación será:

- Folios DIN A4 .............................. 6 puntos
- Sobres de tódolos tipos .................. 9 puntos
- Carpetas ................................. 15 puntos

Segundo o cadro de avaliación que se acompaña, a empresa que ten maior puntuación é OFFICE DEPOT, S.L. e como a súa oferta axustase ás esixencias do Prego, proponse á Mesa de Contratació que sexa a adxudicataria do concurso.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2015

O Inspector técnico de Servizos e transportes

Asd.: Luis Alberto López García

| TIPO | ARTIGO | UD | UDS | PREZO | TOTAL | PTOS | OFFICE DEPOT PREZO | OFFICE DEPOT PUNTOS | TOMPLA PREZO | TOMPLA PUNTOS | GERSA PREZO | GERSA PUNTOS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SOBRES | TAMAÑO 360 X 260 | MILLAR | 10 | 105 | 1.050 | | 794,3182 | | 685,00 | | 624,00 | |
| | TAMAÑO 260 X 184 | | 10 | 60 | 600 | | 401,1364 | | 490,00 | | 432,00 | |
| | T. 260 X 184 - F.PAGADO | | 10 | 60 | 600 | | 401,1364 | | 490,00 | | 432,00 | |
| | TAMAÑO 220 X 110 | | 10 | 32 | 320 | | 205,6818 | | 274,00 | | 216,00 | |
| | TAMAÑO 220 X 110 (C.V.) | | 10 | 32 | 320 | | 217,0455 | | 289,00 | | 216,00 | |
| | TAMAÑO 180 X 120 | | 10 | 32 | 320 | | 224,4318 | | 286,00 | | 288,00 | |
| | SUMA | | | | 3.210 | 9 | 2243,7501 | **9,000** | 2514,00 | **8,033** | 2208,00 | **0,000** |
| FOLIOS | FOLIOS DIN A4 90 grs | | 100 | 18 | 1.800 | 6 | 1.093,02 | **6,000** | 1.250,00 | **5,247** | 1.074,00 | **0,000** |
| CARPETAS | AZUIS DE EXPTE. | | 13 | 178 | 2.314 | | 1422,353 | | 1.807,00 | | 1.388,40 | |
| | VERDES DE EXPTE. | | 8 | 178 | 1.424 | | 905,412 | | 1.184,00 | | 854,40 | |
| | AMARELAS DE EXPTE. | | 8 | 178 | 1.424 | | 905,412 | | 1.184,00 | | 854,40 | |
| | SUMA | | | | 5.162 | 15 | 4.326,20 | **15,00** | 5.425,00 | **11,96** | 4.171,20 | **0,00** |
| | **TOTAL** | | | | 10.172 | 30 | 7.663 | 30,00 | 9.189 | 25,24 | 7.453 | 0,00 |

CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>100.- JMIC | | |
| Documento<br>CONZI0M0 | Expediente<br>CON/9/2015 | |

15078DCONZI0M00

**ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

**LICITACIÓN:** Subministro de folios, sobres e carpetas para o Concello de Santiago de Compostela.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 10.172,00 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 11 de xuño, ás 9:15 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D. Manuel Martínez Varela
**Vocais:** Dna. Teresa Gutiérrez López representante do grupo PP.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Luís Alberto López, Inspector de Servizos básicos
Dna. Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.
**Secretario:** Dna. Rocío Montañés Fernández, Xefe de Servizo de Contratación e Servizos Comunitarios.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, OFFICE DEPOT S.L., consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O/A PRESIDENTE DA MESA**

**O/A SECRETARIO/A DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO